



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Xuño 2025 • Nº 301

XUÑO

L	M	MC	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30						

PROGRAMA DE ACTIVIDADES MUNICIPAIS CURSO 2025/2026

■ O Concello de Vedra publicará co exemplar de xullo todas as súas propostas para o vindeiro curso, así como toda a información sobre prazos de matrícula, prezos, calendario, etc...

OLLO!! A ACTIVIDADE DE INGLÉS non acada o mínimo de participación no curso que remata, polo que para reservar a execución da mesma para o vindeiro curso precisa-se coñecer o número de persoas interesadas.

Con esta finalidade **ABRESE UN PRAZO DE PREINSCRIPCIÓN EXTRAORDINARIO PARA COÑECER O GRAO DE INTERESE NESTA ACTIVIDADE.**

DO 1 AO 15 DE XUÑO REALIZA A TÚA PREINSCRIPCIÓN NO FORMULARIO HABILITADO NA WEB MUNICIPAL.

Dúbdas e consultas no teléfono 981 814 691.

HORARIO DE VERÁN NAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS

Do 15 de xuño ao 15 de setembro:

O horario de atención ao público será de
9:00 a 13:00 horas

CONTINÚA A INFORMACIÓN DE CATASTRO EN VEDRA CADA TERCEIRO MARTES DE MES!!

■ **DATA EN XUÑO: O MARTES 17.**

Obrigatorio asistir con reserva da cita no teléfono 981 814 612 (en horario de 9:00 a 13:00 h). Só se darán citas para asuntos relacionados con bens catastrais dentro do termo municipal.

A XANELA DA LINGUA...

DICIONARIO DA REAL ACADEMIA GALEGA

■ Este dicionario establece a norma da lingua galega no referente ao léxico.

Nel poderás atopar a ortografía normalizada de case 60.000 artigos lexicográficos e os seus significados, así como información importante sobre a pronunciación, as propiedades gramaticais, os sinónimos, os antónimos, o rexistro, e outros datos útiles para o uso correcto da lingua.

Accede en <https://academia.gal/dicionario>

REAL ACADEMIA GALEGA BIBLIOTECA · HERMOTEC · ARQUIVO · PUBLICACIÓNS · CONTACTO

A LINGUA · A INSTITUCIÓN · LETRAS GALEGAS · COMUNICACIÓN · DICCIONARIOS

INICIO · DICCIONARIO

Dicionario

DICCIONARIO · ACTUALIZACIÓNS · CRÉDITOS

BUSCA SIMPLE · SINÓNIMOS · BUSCA AVANZADA

Insire unha palabra

Ver exemplos · Ver marcas expandidas · Busca predictiva

SOBRE O DICCIONARIO DA REAL ACADEMIA GALEGA

Fundación Barrié

O DICCIONARIO NA TUA WEB
Integra o dicionario da RAG na túa web premeando aquí.

AS MÁIS BUSCADAS

ESTA SEMANA · ESTE MES

- 1 san
- 2 mais
- 3 oso
- 4 ano



ASÍ FOI MUNICIPAL



Vedra conmemorou as nosas letras coas pandeireteiras Silandeiras e as Campiñas da A.C. San Campio dentro da programación do festival M.A.R.C.O.



Festival M.A.R.C.O. Unha iniciativa con 3 días de completísima programación que podes repasar nas súas redes sociais @festival_m.a.r.c.o.



Entrega de Premios da Liga de Brisca do Centro Social de Vedra.



Entrega de agasallos das persoas máis maiores na Romaría da 3ª Idade.



Xantar na Romaría da 3ª Idade.



Participación de Vedra na Asamblea de Cidades polo Clima, da FEMP.



ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



Charla da ANPA do CPI de Vedra sobre a prevención de trastornos da conduta alimentaria e hábitos saudables.



Homenaxe a Juan Castro pola UD Val do Ulla coa denominación do campo.



Participación da Asociación Cultural San Campio no Raigame 2025.



Concerto Casa da Irmandade en Maio.



A xornada Erradicadescantia de AMABUL liberou outros 54 metros cadrados de flora invasora en Agronovo.



Mulleres Fronte á Emerxencia Climática.



III Torneo de Fútbol das Escolas Deportivas Vedra Boqueixón.



XVI Festa do Porco á Brasa en Trobe.

XULGADO DE PAZ

■ ATENCIÓN AO PÚBLICO EXCLUSIVAMENTE OS MARTES e XOVES.

Consultas telefónicas tamén os martes e xoves no número 981 502 305.

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO DE 10:00 A 13:00 HORAS.

Enderezo electrónico: registrocivil.vedra@xustiza.gal

PUNTO LIMPO

■ Podes deixar o refugallo que non pode ir nos colectores no noso Servizo de Punto Limpo situado no lugar de Fornelos, Vedra.




HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO:

- Os martes de 09:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 h.
- Os sábados de 09:00 a 14:00 h.

Cultura

EXPOSICIÓN 18º PREMIO LUÍS KSADO DE CREACIÓN FOTOGRÁFICA DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

■ Exposición aberta no Centro Sociocultural de Vedra, dispoñible para ver de 17:00 a 21:00 horas ata o 10 de xuño.



Medio Ambiente

APÚNTATE Á COMPOSTAXE DOMÉSTICA

■ O Concello de Vedra dálles a oportunidade a todos os fogares do municipio para que poidan realizar unha compostaxe de calidade.



Para iso, só tes que solicitar gratuitamente o teu composteiro mandando un correo a residuoskmcero@concellodevedra.gal cos teus datos: nome completo, enderezo, dni, teléfono e correo electrónico.

E se xa fas compostaxe, podes recibir asesoramento a través do teléfono da compostaxe (dispoñible de luns a venres de 16:00 a 20:00h).



Agora mesmo xa son máis de 400 familias as que fan compostaxe doméstica no noso municipio, impedindo deste xeito que os residuos orgánicos xerados en Vedra percorran longas distancias, evitando a emisión de gases contaminantes á atmosfera e axudando na loita contra o cambio climático ao tempo que contribúen a mellorar a calidade dos nosos solos retornando a materia orgánica ao chan en forma de compost.

Apúntate á compostaxe e fai de Vedra un concello con RESIDUOS KMCERO.

CAMPAÑA DE MICROCHYPEADO DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA 2025 A TARDE DO SÁBADO 5 DE XULLO

■ Un ano máis celebraremos unha xornada de microchipeado na Casa do Concello para facilitar a toda a veciñanza que poida acceder a este servizo coas súas mascotas.

A identificación mediante microchip de cans e gatos é obrigatoria, non facelo terá sancións de importante contía pero tamén pode supoñer que no caso de perda do animal nunca o poidas recuperar.

A inscrición previa será obrigatoria e debese acudir cos animais coas medidas de retención necesarias para evitar problemas (transportín, correa, buceira no caso de PPP, etc)

- **Data:** 5 de xullo pola tarde
- **Lugar:** Casa do Concello
- **Prezo:** 27 euros

Inscricións abertas ata o 27 de xuño no enderezo electrónico: va-



nessa.crespo@concellodevedra.gal ou no teléfono: 881 074 404.

PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

■ Recorda que o 31 de maio rematou o prazo previsto na Lei de incendios para realizar os traballos de limpeza e corta de arboredo naquelas parcelas que incumprisen con esta normativa.

A partir deste momento e tendo en conta, ademais, que o concello de Vedra é un municipio considerado zona de alto risco de incendio, as persoas que incumpran coa normativa vixente en materia de prevención de incendios expóñense ás correspondentes sancións.

A maiores disto a administración poderá repercutirte os gastos de extinción no caso de incendio forestal. Por iso rogámoslle a todas as persoas propietarias que aínda non cumpriron con estas obrigas que o fagan coa maior brevidade posible.



Turismo

GOZA DO ULLA

■ Un percorrido polas Rutas de Sendeirismo dos Concellos do Río Ulla entre o 11 de maio e o 19 de outubro.

A Vedra chegará o domingo 3 de agosto, proximamente ampliaremos información sobre a nosa etapa.

Podes consultar o Programa enteiro na web municipal ou nas redes sociais do programa.

Tamén podes facer a túa consulta en: gozadoulla@gmail.com



PARA O VERÁN 2025!!

Propostas municipais...

■ CORRENTES DO ULLA 2025



correntes do Ulla

DESCENSO DO ULLA
29 de xullo.

Percurso: Desde o Campo do Río de Ponte Ledesma ata a Área de Recreo de Agranovo.
Prezo: 30 € por persoa (inclúe kayak de 2 persoas, chaleco salvavidas e seguro).
Observacións: Poderán participar as persoas maiores de 18 anos con autorización.
Prazas limitadas.

GOZA DO ULLA (ROTEIRO DE PESCADORES)
5 de xullo.

Punto de encontro: As 10:00 h. Área Recreativa San Pío Cidoso.
Punto de saída: Campo do Río de Ponte Ledesma.
Distancia: 9,1 km aprox.
Dificultade: Media-baixa.
Prazas limitadas.

GOZA DO ULLA (PAZO DE STA. CRUZ DE RIBADULLA - SAN XOÁN DA COVA)
3 de agosto.

Punto de encontro: As 9:30 h. Área de Recreo Cubelas.
Punto de saída: Pazo de Santa Cruz de Ribadulla.
Distancia: 16 km aprox.
Dificultade: Media-baixa.
Prazas limitadas.

ROUTE POLO PATRIMONIO OCULTO DE VEDRA (CONTORNO DE SAN XOÁN DA COVA - GUNDIÁN - PONTE ULLA)
1 de agosto.

Horario: De 10:30 a 13:30 horas.
Prazas limitadas.

ROUTE POLO PATRIMONIO OCULTO DE BOQUEIXÓN (CONTORNO DO PICO SACRO)
11 de agosto.

Horario: De 10:30 a 13:30 horas.
Prazas limitadas.

RUTA FOTOGRÁFICA AMBIENTAL
12 de xullo.

Fotografía de fauna e flora (Contorno do Coto de Ximonde).
Imparte: Fernando Lueiro.
Horario: De 10:00 a 13:00 horas.
Prazas limitadas.

CAMPO DE VOLUNTARIADO "MONTE SACRO"
Do 21 de xullo ao 1 de agosto.

Arqueoloxía + medio ambiente.
Idades: De 18 a 30 anos.
Colabora: Dirección Xeral de Xuventude.
Prazas limitadas.

Concello de Vedra, Concello de Boqueixón, XUNTA DE GALICIA, Deputación da Coruña

■ LUDOVERÁN

Nas vacacións escolares a Ludoteca Municipal muda ao horario de verán para ofrecer unha opción de conciliación con posibilidades de servizo de madrugadores.



LUDO VERÁN

XULLO AGOSTO

8:30-14:30

SAÍDAS

XIMCANAS

XOGOS

IDADES DE 3 A 12 ANOS

INSCRICIÓNS DO 1 AO 31 DE MAIO
NO CONCELLO DE VEDRA E A TRAVÉS DA SEDE ELECTRÓNICA
PAZAS LIMITADAS

MAIS INFO: 981 81 46 93 / 699 041 486
CARLEN.SADIO@CONCELLODEVEDRA.GAL

CONCORRESPONSAIS, Concello de Vedra, Ludoteca

■ PISCINA MUNICIPAL

Nos meses de xullo e agosto. En horario de tarde todos os días (agás en caso de mal tempo).

■ CAMPAMENTO DEPORTIVO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA - VERÁN 2025

Olo!! Aviso compartimos o aviso compartido pola Deputación da Coruña, polo que non dispoñemos de prazas para esta alternativa! Por obras nas instalacións do IES Rosalía Mera, este ano non se desenvolverá a actividade de campamentos deportivos.

Propostas asociativas...

■ ACAMPARTE 2025 DA ANPA CEIP ORTIGUEIRA

Volve para as mañás de xullo esta aposta da ANPA do CEIP Ortigueira na que se mestura conciliación e diversión.



ACAMPARTE XULLO 25

PREZOS

PERSONAS SÓCIAS:
110€ - MES
85€ - QUINCENA
65€ - SEMANA

PERSONAS NON SÓCIAS:
190€ - MES
120€ - QUINCENA
85€ - SEMANA
*20% DESCENTO SEGUNDO IRMÁN

INSCRICIÓNS: 624 31 35 93
ATA O 15 DE XUÑO

ANPA ORTIGUEIRA, Concello de Vedra, Deputación da Coruña

■ ESCOLA AMBIENTAL AMABUL 2025

Un ano máis repite esta proposta da Asoc. Ambiental AMABUL que encherá de actividades a Casa das Artes de San Fins nos meses de xullo e agosto. Toda a información na web www.amabul.org.



ESCOLA AMBIENTAL AMABUL

CASA DAS ARTES (VEDRA)

CAMPAMENTO BENXAMÍN
(Nenas/os nados/as entre 2019 e 2021)

CAMPAMENTO INFANTIL
(Nenas/os nados/as entre 2013 e 2018)

CAMPAMENTO XUVENIL
(Nenas/os nados/as antes de 2013)

Xullo 2025
(mes completo ou quincenas naturais)

Excursións, praia, piscina, senderismo, caídas, xogos, observación e orientación, sensibilización ambiental... e PERNOCTAS!!!

PAZAS LIMITADAS
MAIS INFO E INSCRICIÓNS:
www.amabul.org

AMABUL, Concello de Vedra



INFORMACIÓN XERAL DOS SERVIZOS SOCIAIS DE VEDRA

• **Atención ao público:** Os luns, xoves e venres de 9:00 a 14:00 horas.

• **Cita previa:** Chamando ao teléfono 981 814 693

NON É IMPRESCINDIBLE, pero facilitará unha mellor organización e atención, polo que é recomendable.



XUNTA
DE GALICIA



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE DERECHOS SOCIALES
Y AGENDA 2030

AXENDA DE ACTIVIDADES DA TERCEIRA IDADE NO MES DE XUÑO

■ EXCURSIÓN A ARTEIXO E COMARCA

Mércores 4 de xuño.

Prezo: 30 € (Inclúe transporte, visitas e comida) -prazas limitadas- (O prazo de inscrición ábrese o 20 de maio ás 17:00 h. no Centro Social. As prazas e número de asento adxudícanse por rigorosa orde de inscrición).

BINGO ESPECIAL DE VERÁN

Martes 10 de xuño ás 20:00 h.

BAILE-SARDIÑADA DE SAN XOÁN

Venres 13 de xuño ás 20:00 h.

Haberá música, festa e sardiñada!! Para asistir á sardiñada é preciso retirar un ticket que ten un custo de 10 €/participante (Menú: sardiñas, churrasco e sobremesa).



Para a retirada de tickets dirixirse ao Centro Social entre o 2 e o 11 de xuño.

CLAUSURA-FIN DE CURSO ACTIVIDADES

Xoves 26 de xuño ás 20:00 h.

(As persoas interesadas en participar na clausura de fin de curso,

deberán anotarse na cafetería do Centro Social ata o 25 de xuño).

OLLO!!
ABERTO O SERVIZO DE CAFETERÍA
NO CENTRO SOCIAL DE LUNS A
VENRES DE 17:00 A 21:00 H.

LUDOTECA: LUDOVERÁN DENDE O 23 DE XUÑO AO 5 DE SETEMBRO

■ VIVIMOS UN VERÁN de Cores!!!!

Chega a época de verán no que a cativada dispón de tempo libre e dende a ludoteca consideran axeitado brindarlles a oportunidade de compartir ese tempo nun marco lúdico.

Nesta etapa serán protagonistas da súa propia aventura arredor das cores, fomentando a expresión artística e a experimentación a través das cores, creando un ambiente festivo e gozando ao máximo con dinámicas de grupo, xogos de auga, saídas pola contorna,... todo moi cheo de cor.

As actividades realizaranse a través da participación nos equipos, o traballo en grupo, actividades cooperativas, técnicas de resolución de problemas, dinámica de grupos, animación cultural, activida-

des de aprendizaxe de ensaio-error, visitas e excursión didácticas, grandes xogos continuados e distintos obradoiros específicos para la realización das actividades.



■ LUDOTECA CURSO 2025/2026

Abre o prazo de inscrición para os servizos de ma-
druga e ludoteca para o curso 2025/2026 dende o
15 de xuño ao 15 de xullo

Importante!!

As persoas que queiran facer uso deste servizo a
partir do 8 de setembro DEBEN SOLICITALO NESTE
PRAZO INDICADO.

Toda a información sobre o procedemento de soli-
citude na web municipal www.concellodevedra.gal
Máis información nos teléfonos: 981 814 693 ou
699 041 486.



XUNTA
DE GALICIA



CORRESPONSABLES



Concello
de Vedra

CONMEMORACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DO ORGULLO LGTBIQ O 28 DE XUÑO VEDRA CLAMA POLA LIBERDADE E A IGUALDADE!!

■ Un ano máis o Concello de Vedra, súmase á con-
memoración do Día Internacional do Orgullo LGTBIQ
renovando o compromiso coa igualdade de trato e de
oportunidades, en favor da normalización social de
quen teñen unha orientación sexual distinta da maio-
ritaria e/ou se identifican e expresan con outro xénero
distinto ao que socialmente se lles adxudica. O 28 de
xuño Vedra con orgullo pola Igualdade e a Liberdade.

Acto institucional lectura de manifesto en apoio á di-
versidade sexual, e colocación de bandeira do arco da
vella.



Muller

VEDRA POR UN VERÁN LIBRE DE VIOLENCIAS MACHISTAS. LEMBRA!!!!

■ As vítimas de violencia de xénero teñen dereito á
asistencia social integral que inclúe servizos sociais de
atención, de emerxencia, de apoio e acollida e de recu-
peración integral, que han de responder aos principios
de atención permanente, actuación urxente, especia-
lización de prestacións e multidisciplinariade profe-
sional. A finalidade destes servizos é dar cobertura ás
necesidades derivadas da situación de violencia, res-
taurar a situación na que se atopaba a vítima antes de
padecela ou, cando menos, paliar os seus efectos.

- **Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Vedra de luns a venres de 8:00 a 15:00 h.**
- **CIM, centro de información á muller:**
 - **Atención xurídica. Venres de 8:00 a 15:00 h.**
 - **Atención psicolóxica. Martes de 8:00 a 15:00 h.**
- **TELÉFONO 981 814 693**

A través dos mesmos faise posible que as mulleres:

- Reciban asesoramento sobre as actuacións que poden emprender e os seus dereitos.
- Coñezan os servizos aos que poden dirixirse para solicitar asistencia material, médica, psicolóxica e social.

- Accedan aos diferentes recursos de aloxamento (emerxencia, acollida temporal, centros tutelados, etc.) nos que está garantida a súa seguridade e cubertas as súas necesidades básicas.
- Recuperen a súa saúde física e/ou psicolóxica.
- O dereito á asistencia social integral recoñécese tamén aos menores que viven en contornas familiares onde existe violencia de xénero.

Outros recursos:

Teléfono 016 - 016 online

O Ministerio de Igualdade, por medio da Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero, presta o Servizo telefónico de información, de asesoramento xurídico e de atención psicosocial inmediata por persoal especializado a todas as formas de violencia contra as mulleres, a través do número telefónico de marcación abreviada 016; por WhatsApp no número 600 000 016 e por correo electrónico ao servizo 016 online: 016-online@igualdad.gob.es.

O Teléfono da Muller: 900 400 273

É un servizo gratuito e anónimo que funciona as 24

Continúa na páxina 9

horas do día, desde calquera teléfono fixo ou móbil, e con cobertura para toda a Comunidade Autónoma. Responde nel un equipo multidisciplinar coordinado con diferentes profesionais de toda Galicia.

Para que se puxo en marcha?

Fundamentalmente cos obxectivos de:

- Facilitar información sobre cuestións xurídicas, psicolóxicas, laborais, educativas, recursos e servizos para mulleres e calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade das mulleres que de forma individualizada o soliciten.
- Prestar servizos de información e asesoramento ás mulleres sobre os recursos existentes en prevención da violencia e axuda integral ás vítimas.

Sobre que cuestións te podes informar?

Ten por finalidade informar e asesorar sobre cuestións relacionadas coas seguintes materias:

- Separacións, divorcios, abandonos do fogar, sentenzas incumpridas...

- Malos tratos, vexacións, ameazas, agresións sexuais, acoso sexual...
- Cursos ocupacionais, oposicións, bolsas de emprego, creación de empresas...
- Discriminación laboral, permisos de maternidade e paternidade, apoio á contratación...
- Servizos sociais, casas de acollida, centros de información á muller, programas para mulleres desfavorecidas, gabinetes de orientación familiar...
- Educación para a igualdade, materiais didácticos non sexistas, publicidade discriminatoria para coas mulleres...
- Apoio ao asociacionismo, xornadas, seminarios, subvencións a asociacións, publicacións...
- Políticas de igualdade, proxectos europeos, actuacións de medidas doutros organismos de igualdade...



Concello de Vedra



ÁREA DE MULLER E IGUALDADE
Concello de Vedra



Pacto de Estado
contra a violencia de xénero

Iniciativas das Asociacións

A ANPA DO CPI PLURILINGÜE DE VEDRA NOVA SESIÓN DA SÚA ESCOLA DE FAMILIAS O XOVES 5 DE XUÑO SOBRE O “Uso responsable das tecnoloxías”

■ O vindeiro xoves 5 de xuño ás 17:00 h. o CPI de Vedra acollerá unha nova sesión da Escola de Familias, cunha charla informativa no marco do Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e as súas contornas.

A sesión será impartida pola Garda Civil e terá como tema central o uso responsable das tecnoloxías, abordando cuestións clave como os riscos do uso inadecuado das redes sociais, ferramentas de protección, o acoso en liña (ciberacoso) e como previlo, ou a importancia de educar en valores dixitais.

Esta charla de acceso libre é unha oportunidade valiosa para que nais, pais e titores coñezan mellor os desafíos aos que se enfrontan os seus fillos e fillas no mundo dixital, así como para obter recursos e orientación práctica.

CORAL POLIFÓNICA SANTA CRUZ DE RIBADULLA CELEBRACIÓN DO SEU 30º ANIVERSARIO O SÁBADO 7 DE XUÑO ÁS 19:00 HORAS NA NAVE DA ESTACIÓN

■ Esta entidade cumpre os seus primeiros 30 anos de historia e quere celebralo ao grande con este festival ben especial!

30 CONCERTO ANIVERSARIO

CORAL POLIFÓNICA STA. CRUZ DE RIBADULLA

7 de xuño de 2025

19:00 - Nave Estación de Sta. Cruz

CORAL POLIFÓNICA CONFRARÍA DE PESCADORES SAN MARTIÑO DE O GROVE

OBRADOIRO DE VOCES LIBREDÓN

CORAL POLIFÓNICA DE BERRES

CORAL POLIFÓNICA DE STA. CRUZ DE RIBADULLA

PIANO: Alba Díaz Taboada

ORGANIZA: [Logo of Concello de Vedra]

COLABORAN: [Logo of Concello de Vedra]

ESCOLA DE MÚSICA SANTA CRUZ DE RIBADULLA. FESTIVAL FIN DE CURSO “Homenaxe Á Musica Do Xabarán Club”

■ Sábado 7 de xuño ás 20:30 h. no Pazo de Ortigueira.

Esta vez será moi especial esta cita que non só mostrará os resultados da aprendizaxe do curso senón que reunirá a familias e á comunidade do CEIP Ortigueira coa verdadeira protagonista a Escola de Música de Santa Cruz que interpretará conxuntamente a banda sonora de varias xeracións!!

E ao remate será a quenda da tradicional sardiñada para as familias socias desta entidade.

A Escola de Música Santa Cruz de Ribadulla presenta:

“O XABARÍN”



CORO DO CEIP DE ORTIGUEIRA
CORO DE NAIS, PAIS E AMIGOS DO XABARÍN

SÁBADO 7 DE XUÑO ÁS 20:30H. PAZO DE ORTIGUEIRA



A ASOCIACIÓN AMBIENTAL AMABUL ENTOMOLAR O SÁBADO 7 DE XUÑO

■ Anótate nos diferentes obradoiros relacionados coa entomoloxía (rama da zooloxía encargada de estudar os insectos).

+ info e inscricións en www.amabul.org ou chamando ao 623 932 143.



TORNEO F-8 SAN MAMED 2025



ASOCIACIÓN O BURGO DE VEDRA

■ Comparte a programación das súas vindeiras actividades:

- Domingo, 8 de xuño, XANTAR E BAILE no hotel Congreso.
- Domingo, 22 de xuño, EXCURSIÓN A PONTEAREAS.

ÚLTIMAS PRAZAS PARA PARTICIPAR DA EXCURSIÓN Á COSTA DO SOL: Do 21 ao 27 de outubro.

Teléfono de contacto para máis información e inscricións: 639 811 666





Iniciativas das Asociacións

A ASOCIACIÓN CULTURAL CASA DA IRMANDADE. APOCALIPSE FEST O 14 DE XUÑO

■ Unha alternativa musical diferente no espazo da Casa da Irmandade en Santa Cruz de Ribadulla.



ASOCIACIÓN CULTURA PAPAVENTOS

■ Fin de curso o domingo 15 de xuño no Centro Social de Vedra ás 18:00 h.



XIX RUTA CABALAR RÍO PEREIRO

■ O domingo 15 de xuño en San Fins de Sales.

Inscripcións ata o 10 de xuño nos teléfonos 606 808 057 ou no 648 443 257. Despois da ruta haberá un xantar de confraternidade!



ASOC. CABALAR RÍO PEREIRO

A ASOCIACIÓN CULTURAL SAN CAMPIO. FESTIVAL FIN DE CURSO O VENRES 20 DE XUÑO

■ A Casa da Cultura de San Miguel será a encargada de acoller esta actividade coa actuación dos diferentes grupos das actividades desenvolvidas durante este curso.

Ao rematar haberá unha sardiñada para as persoas socias.



DÍA DA BICICLETA EN VEDRA O DOMINGO 8 DE XUÑO NO VELÓDROMO

■ Inscripcións en www.ribadoulla.es
Persoas adultas: 3 €. Menores: gratis

Haberá comida (callos, focaccia, empanada e larpeira); inchables de auga e agasallos de recordo.





FESTAS EN XUÑO

■ FESTA DAS FLORES EN SANTA CRUZ DE RIBADULLA

O domingo 1 de xuño.

FESTA DAS FLORES

DOMINGO 1 DE XUÑO

Misa solemne as 12:15h cantada pola coral polifonica de Santa Cruz de Ribadulla

Actuación de grupos de baile tradicional desta parroquia, nen@s de distintas idades

Sesión vermut co duo Elite

AS 19:00H ROSARIO, LOGO RECITAL DE POESÍAS, BAILE TRADICIONAL E INCHABLES!!!

Sesión de tarde co duo Elite

■ FESTA DA SANTA ISABEL EN SAN FINS

O domingo 1 de xuño.

FESTA DE SANTA ISABEL

San Fins de Sales - Vedra

MISA AS 10:00 DA MAÑÁ

MISA SOLEMNE AS 13:00

SESIÓN VERMÚ A CARGO DE:

DÚO REFLEJOS

*Novena que comeza o 23 de maio (as 21:00h)

*O 31 de maio haberá pinchos para todos os asistentes

■ FESTA DE CORPUS EN VEDRA

O 8 de xuño en Santa Eulalia de Vedra.

■ E FESTA DO SAN XOÁN O 21 DE XUÑO

Ás 22:00 h. no campo da Festa de Vedra con xogos populares a partir das 17:00 h.

■ FESTAS DO VERÁN EN SAN XIÁN

• O venres 20 de xuño verbena a cargo do Trío Arena e a Orquestra Saudade.

• O sábado 21 de xuño festa na honra a San Antonio con misa ás 13:00 h. e sesión vermú a cargo das Pandeireteiras Silandeiras e do Grupo Cabaret que estará tamén na verbena acompañado por Takicardia.

• O domingo 22 de xuño festa na hora ao Santísimo con misa ás 13:00 h. e sesión vermú coa Banda de Sta Cruz de Ribadulla e o Dúo Óbice Capital

■ FESTAS DO SAN PEDRO EN SAN PEDRO DE VILANOVA

• 28 de xuño: Festa na honra a San Pedro. Con misa ás 13:00 horas e sesión vermú e verbena a cargo da Charanga "Os Atrevidos".

• 29 de xuño: Festa na honra ao Santísimo. Misa ás 13:00 horas e Sesión Vermú coa Banda de Música de Teo. Ambos días haberá sesión de hinchables pola tarde.

■ FESTAS DO SAN PEDRO EN SAN PEDRO DE SARANDÓN

• Domingo 29 de xuño: Festa na honra a San Pedro. Misa ás 13:00 horas e sesión vermú co grupo de gaitas "Luz do Ilcinio" e pola noite verbena con "Karma" e "Grupo Eureka".

• Luns 30 de xuño: Día do Santísimo. Misa ás 13:00 h. Sesión vermú con "Fusión" que tamén estará na verbena xunto á orquestra "Panamá".

• Domingo 6 de xullo: Día da Concepción. Misa ás 13:00 h. Sesión vermú coa "Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla".



Parabéns

A NURIA MENIÑO

■ Por proclamarse campioa da Provincia da Coruña por grupos no Torneo celebrado en maio en Narón na categoría xuvenil Pre-base.

Nuria forma parte do Club Deportivo Ximnasia Rítmica Compostela P. e compartiu a vitoria con Flavia, Alejandra, Lucía e Alicia.



Nuria Meniño, no centro da imaxe.

DATE DE ALTA NO SERVIZO DE NOVAS!! Así terás a toda a información de interese máis rápida e comodamente!
SÓ TES QUE GARDAR O TELÉFONO 663 893 398 e enviarlle un whatsapp co texto: ALTA EN NOVAS